

## Christine de Pisan, unha dama atípica

Nace na cidade de Venecia, no ano 1364.

O seu pai foi médico persoal do Rei Carlos V de Francia. A infancia de Christine desenvolveuse no palacio real, onde Carlos V crea unha gran biblioteca.

A nai de Christine quería educala para que fose unha dama da corte, ensinándolle as tarefas do fogar, que era o habitual para unha muller naquel tempo. Pola contra, o seu pai deulle unha educación intelectual excelente, con titores privados, que lle ensinaron unha cultura humanista. Christine pasou moitas horas lendo na Biblioteca Real. Christine falaba italiano como lingua materna e, ademais, latín e francés.

Christine casou aos quince anos con Etienne Castel, que era secretario do Rei. Ela escribiu “Baladas de amor” para expresar o amor que sinte polo seu home.

Cos vinte e catro anos quedou viúva, ao coidado de dous fillos. Entón, decidiu adicarse profesionalmente a escribir. A raíña Isabel, esposa de Carlos V, foi a súa mecenas e concedeuulle un estudio propio na Biblioteca Real.



Os seus primeiros poemas, baladas de amores perdidos, acadaron un gran éxito popular.




Co tempo, Christine ampliou os contidos da súa obra, abrangendo aspectos filosóficos, políticos, mitolóxicos e de amor cortés. A partir de 1399, comezou a escribir sobre dereitos das mulleres.

Daquela, falábase das mulleres como seres inferiores, fachendosas, superficiais e provocadoras de liortas.

As mulleres tiñan prohibido entrar nas universidades durante a Idade Media, só podían desempeñar unhas poucas profesións e non se valorizaba o seu papel na sociedade.


Esto provoca un gran debate intelectual naquela época. Arredor da Universidade de París creouse a Orden da Rosa, unha asociación masculina que pretendía defender o honor das mulleres. Christine organiza “La Querelle de la Rose”, asociación feminina similar coa mesma finalidade e con gran éxito.



Esta asociación débátese a natureza e esencia das mulleres, plantexándose que lugar debía ocupar a muller na sociedade e na familia. rexeitan ideas equivocadas, tales como que “o cerebro da muller é inferior ao do home”

Christine tamén opina sobre política e sobre a xustiza militar da época.

No ano 1405, escribe “*A cidade de damas*”, no que se cuestiona por que en tantos textos escritos por homes se acusa ou despreza ás mulleres.



Nesta obra plantéxanse unha serie de dereitos que toda muller debería desfrutar. Amosa unha cidade perfecta, gobernada por mulleres, representadas por tres figuras femininas: a Xustiza, a Razón e a Rectitude.

Ante a guerra civil en Francia, a partir del año 1410, Christine escribe dous libros “*Lamentacións sobre a guerra civil*” e “*O libro da paz*”. Pasou un tempo nun convento e durante dez anos deixou de escribir.

Nembargantes, retomará a escritura en 1421, cando apareceu Xoana de Arco.

Christine morreu aos 66 anos. Considérase a primeira mujer adicada profesionalmente a escribir e a precursora do movemento a favor da muller. Foi unha muller valiente e intelixente, que se enfrontou aos prexuízos da súa época.



*“Se fose costume enviar as fillas á escola, igual que os fillos, e se lles ensinasen ciencias naturais, elas aprenderíanas igual e comprenderían as sutilezas de todas as artes e ciencias igual ca os rapaces.”*

*“Non todos os homes (e especialmente os máis sensatos) comparten a opinión de que é malo para as mulleres recibir educación.”*

*“Ah, cativos e mozos, se coñecéades a bendición que reside en saborear o coñecemento [...] non vos queixaríades do esforzo e traballo de aprender.”*

*“O home ou a muller no que reside a maior virtude é o mellor; nin a excelencia nin a baixeza dunha persoa reside no seu corpo segundo o seu sexo, senón na perfección da súa conduta e virtudes.”*